

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 04/05/2020
(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SECRETARIO/A

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 04/05/2020 reuníronse na Salón de plenos, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 28-abr-2020, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2020/1166

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

O Goberno de España aprobou no Consello de Ministros celebrado o día 28 de abril de 2020, un plan de desescalada tras o COVID-19, indicando que se poderá facer e cando, en catro fases. Cada fase da desescalada en España durará dúas semanas e se avanzará a seguinte ou se retrocederá a anterior, en función da situación epidemiolóxica.

Na primeira fase que vai dende o día 11 ata o 24 de maio de 2020, permítese a apertura de terrazas con limitación de aforo a un tercio.

Esta nova realidade vai a incidir especialmente no sector hostaleiro da cidade, que tras o parón da actividade derivado da declaración do Estado de Alarma, encontrábase cunha posibilidade de apertura dos seus negocios nunhas condicións diferentes as anteriores ao estado de alarma.

Debido a limitación do aforo da terraza a un tercio, os hostaleiros precisan para desenvolver a súa actividade e garantizarse uns ingresos mínimos para o mantemento do seu establecemento , a adopción das seguintes medidas por parte do Concello:

- a) autorizar o incremento das dimensións da terraza , polo que se presentarán novas propostas de distribución de espazos nas terrazas , para a súa posterior aprobación.
- b) autorizar a ampliación dos horarios de funcionamento e recollida da terraza.
- c) a exención durante o ano 2020, do pago da taxa pola utilización privativa do dominio público local.

-Se as novas propostas de incremento das dimensións das terrazas e de ampliación de horarios, precisasen da modificación da “ordenanza reguladora de ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras “, (BOP 19 de outubro de 2016), procederase a aprobación das propostas previo informe técnico e posteriormente levarase a cabo, de ser preciso, a ratificación da modificación polo Pleno da Corporación.

-Polo que se refire a exención de taxas durante o ano 2020, debería aprobarse a citada exención

,ou ben introducir na “ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local”, unha bonificación do 99% da taxa durante o ano 2020, a aqueles suxectos pasivos que tiveron pechado o seu establecemento con motivo de COVID-19 e una vez levada a cabo a súa reapertura viron reducidos os seus ingresos.

A devandita ordenanza fiscal contempla na disposición transitoria , para os anos 2017 e 2018 ,unha bonificación do 50% para aqueles suxectos pasivos que acrediten a realización de investimentos nas terrazas con motivo dos cambios introducidos polo Concello.

Polo que podería adaptarse esa disposición transitoria a situación económica derivada da crise sanitaria do COVID-19,e ampliar a bonificación ata o 99 % como mínimo durante o ano 2020.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e que se dea conta á Asociación AHITUVI aos efectos oportunos.

Dar conta aos Departamentos de Tesourería, Rendas e Xerencia de Urbanismo.

PRP2020/1141

Dáse conta do escrito presentado por D. José Luis Gómez Gil solicitando a adopción de medidas para evitar o estacionamento de vehículos no carril de acceso ao garaxe e indicando que acceden vehículos por dirección prohibida, estacionando os vehículos no sentido inverso da circulación.

Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao repintado de cor amarela no tramo dende a sinal vertical de entrada prohibida (R-1010) ata a illa horizontal da segunda delas que marca o remate do carril de circulación, engadindo un control periódico das patrullas de vixianza para comprobar as posibles infraccións.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2020/1142

Dáse conta do escrito presentado por D. Celso Miguel Prieto, solicitando a sinalización dunha praza para discapacitados na zona do seu domicilio, na Rúa Curros Enríquez, dado que a praza máis próxima se atopa na Rúa Eduardo Pondal e se atopa case sempre ocupada.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda a sinalización dunha praza diante do número 6 da Rúa Curros Enríquez, o que facilitaría a mobilidade da persoa solicitante e o seu acceso, indicando que as prazas son de uso colectivo e non exclusivas dunha persoa en concreto.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2020/1143

Dáse conta do escrito presentado por D. Jesús Ramón García García solicitando levantar a inmovilización dun vehículo que se atopa no depósito municipal para un garaxe da súa propiedade, mentres non se resolve a situación administrativa do vehículo matrícula 6031JHH, así como a paralización das taxas administrativas, xa que, o vehículo foi comprado descoñecendo esta circunstancia.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a retirada do vehículo do depósito municipal, sen aboamento de taxas, dado que non se aprecia dolo no trámite realizado no proceso de compra do vehículo.

PRP2020/1145

Dáse conta de escrito do Instituto Nacional de Estatística comunicando a proposta de cifra de

poboación do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de 2020, resultando para este municipio 37.565 habitantes.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/1147

Con motivo da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tanto o servizo municipal de emerxencias como o servizo de protección civil, ademais das funcións que desenvolvían habitualmente, pasaron a desenvolver outras, tales como, montaxes de zonas de desinfección para o persoal sanitario, desinfección de vehículos policiais, comunicar por megafonía os avisos a poboación sobre a necesidade de permanecer na casa, colaborar cos servizos sociais municipais, etc

Neste momento faise preciso contar con mascarillas para entregar ao persoal municipal, asicomo a outras persoas e colectivos que as demanden por carecer delas.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA

A disposición final segunda do Real Decreto Ley 9/2020, de 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados do COVID-19, establece o seguinte:

“A adopción de todo tipo de medida directa ou indirecta por parte das entidades do sector público para facer fronte ao COVID-19 xustificará a necesidade deactuar de maneira inmediata, sendo de aplicación o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Dacordo coa previsión establecida no párrafo anterior, a todos os contratos que se celebren polas entidades do sector público para atender as necesidades derivadas da protección das persoas e outras medidas adoptadas polo Consello de Ministros para facer fronte ao COVID-19, lles resultará de aplicación a tramitación de emerxencia.

Nestes casos, si fora necesario realizar abonos a conta por actuacións preparatorias a realizar polo contratista, non será de aplicación o disposto respecto as garantías na mencionada lei 9/2017, sendo o órgano de contratación o que determinará tal circunstancia en función da natureza da prestación a contratar e a posibilidade de satisfacer a necesidade por outras vías. Da xustificación da decisión adoptada deberá deixarse constancia no expediente.

O libramento de fondos necesarios para facer fronte aos gastos que xenere a adopción de medidas para a protección da saúde das persoas fronte ao COVID-19, podrá realizarse a xustificar.

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local, acorda aprobar o orzamento presentado por Sobrino G, SA para o subministro de 10.000 mascarillas para a súa entrega á veciñanza do Concello, por un importe total de 20.570,00 € (ive engadido), con cargo á partida 135.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/1148

Con motivo da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tanto o servizo municipal de emerxencias como o servizo de protección civil, ademais das funcións que desenvolvían habitualmente, pasaron a desenvolver outras, tales como, montaxes de zonas de desinfección para o persoal sanitario, desinfección de vehículos policiais, comunicar por megafonía os avisos a poboación sobre a necesidade de permanecer na casa, colaborar cos servizos sociais

municipais, etc

Neste momento faise preciso contar con mascarillas para entregar ao persoal municipal, asicomo a outras persoas e colectivos que as demanden por carecer delas.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA

A disposición final segunda do Real Decreto Ley 9/2020, de 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados do COVID-19, establece o seguinte:

“A adopción de todo tipo de medida directa ou indirecta por parte das entidades do sector público para facer fronte ao COVID-19 xustificará a necesidade deactuar de maneira inmediata, sendo de aplicación o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Dacordo coa previsión establecida no párrafo anterior, a todos os contratos que se celebren polas entidades do sector público para atender as necesidades derivadas da protección das persoas e outras medidas adoptadas polo Consello de Ministros para facer fronte ao COVID-19, lles resultará de aplicación a tramitación de emerxencia.

Nestes casos, si fora necesario realizar abonos a conta por actuacións preparatorias a realizar polo contratista, non será de aplicación o disposto respecto as garantías na mencionada lei 9/2017, sendo o órgano de contratación o que determinará tal circunstancia en función da natureza da prestación a contratar e a posibilidade de satisfacer a necesidade por outras vías. Da xustificación da decisión adoptada deberá deixarse constancia no expediente.

O libramento de fondos necesarios para facer fronte aos gastos que xenere a adopción de medidas para a protección da saúde das persoas fronte ao COVID-19, podrá realizarse a xustificar.

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local, acorda aprobar o orzamento presentado por Mohair Pronto Moda SL para o subministro de 1000 mascarillas, por un importe total de 4.235,00 € (ive engadido), con cargo á partida 231.2269919.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/1150

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 2 de marzo de 2020 de aprobación orzamento presentado por Automoción La Junquera SL para a reparación do vehículo matrícula 0189FMB, adscrito ao Servizo Municipal de Protección Civil, figurando no mesmo por un importe total de 2.194,58 € e debendo figurar por un importe total de 2.914,58 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2020/1151

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 9 de marzo de 2020 de aprobación orzamento presentado por Dona Katia Maria Bonvehi San Martín para a prestación do servizo de fisioterapia para a anualidade de 2020 para as persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, figurando no mesmo con cargo á partida 231.22725 e debendo figurar con cargo á partida 231.22799.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2020/1152

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 9 de marzo de 2020

de aprobación orzamento presentado por Visual Graphics Imagen y Publicidad SL para a realización de paneis para celebración da exposición do 40 aniversario do CEIP de Vilaxoán, figurando no mesmo con cargo á partida 320.22727 e debendo figurar con cargo á partida 320.22627.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2020/1173

Vista a proposta da Encargada do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Viveros O Piñeiro, SL para o subministro de plantas de tempada para a Rúa Alcalde Rey Daviña, Rúa Arcebispo Andrade, Rúa Castor Sánchez e Carril, por un importe total de 2.199,24 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22109.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/1174

Vista a proposta da Encargada do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Troquiña SL para o subministro de plantas de tempada para diversas zonas (Rotonda do Obelisco, Praza de Galicia, Praza Independencia, Rúa Os Duráns, Rúa Arapiles e Viaxoan), por un importe total de 3.034,56 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22109.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2020/1168

Acórdase o pago non orzamentario a favor de Segurcaixa Adeslas, S.A. de Seguros y Reaseguros pola factura N° 101641_0320_02429894 correspondente á liquidación de primas de asistencia sanitaria no mes de marzo de 2020 a funcionarios, laborais, pensionistas e familiares, por importe de 7.911,10 €, na aplicación non orzamentaria 20502.

PRP2020/1169

Acórdase o pago non orzamentario a favor de Segurcaixa Adeslas, S.A. de Seguros y Reaseguros pola factura N° 101641_0420_04189387 correspondente á liquidación de primas de asistencia sanitaria no mes de abril de 2020 a funcionarios, laborais, pensionistas e familiares, por importe de 7.726,00 €, na aplicación non orzamentaria 20502.

PRP2020/1167

Acórdase o pago non orzamentario a favor de Sanitas SA de Seguros pola factura BR012020000500096747 correspondente á liquidación de primas de asistencia sanitaria no mes de abril de 2020 a funcionarios, laborais, pensionistas e familiares, por importe de 486,97 €, na aplicación non orzamentaria 20502.

PRP2020/1140

Vista a proposta de actuacións relativas ao Local sito en Avda. Juan Carlos I, nº 38 de data 13/05/2020 da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, na que tras o cambio de titularidade do contrato de enerxía eléctrica do referido inmovible a favor do Concello de Vilagarcía de Arousa, se compromete a aboar mensualmente a contía de 100,00€ por gastos de electricidade e 100,00€ por gastos de calefacción, previa remisión das copias compulsadas das facturas correspondentes para os efectos de xustificar o gasto, con motivo da ubicación en dito inmovible da Unidade Asistencial de Drogodependencia e a unidade de día do Spad.

Visto o acordó adoptado ao respecto pola Xunta de Goberno Local de 05/12/2011.

Visto o informe da Interventora Municipal, onde en síntese establece o importe que estaría prescrito e o que procedería liquidar polo concepto indicado, así como una posible modificación no sistema a de liquidación aprobado no seu día polos cambios normativos acaecidos en materia de facturación.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Remitir á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
- 2.- A débeda anterior a marzo do exercicio de 2016 está prescrita.
- 3.- Para o período comprendido entre abril 2016 a decembro 2019 aprobar as seguintes liquidacións con cargo ao concepto do estado de ingresos:

EXERCICIO IMPORTE

2016 1.800,00

2017 1.800,00

2018 1.800,00

2019 1.800,00

TOTAL 7.200,00

4.- Propoñer á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, substituir o requisito de remisión de copia compulsada das facturas do gasto por un certificado da Intervención Municipal do gasto executado por ditos conceptos, xa que dita esixencia non resulta moi acorde aos cambio normativos e procedimentais introducidos pola Lei 25/2013, de 27 de decembro de impulsa da factura electrónica.

5.- Para a liquidación da a débeda correspondente ao exercicio 2020 e seguintes acórdase o seguinte procedemento:

Dentro do primeiro trimestre de cada exercicio, polo Xefe de Mantemento de Alumeado Público e Servizos Municipais, se remitirá informe á Intervención municipal dos consumos afectados para o exercicio correspondente.

Á vista do informe do Servizo, pola Intervención Municipal emitirase certificado do gasto, e do certificado de Intervención darase traslado á concellería de Benestar para que efectúe á Xunta de Goberno Local proposta de aprobación da liquidación do importe que corresponde abonar á Xefatura Territorial.

Dar conta ao Departamento de Rendado e Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.